



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

## Euphorbia uliginosa (*Euphorbia uliginosa*)



### NOME COMÚN

Euphorbia uliginosa

### NOME CIENTÍFICO

*Euphorbia uliginosa*

### CLASE

Plantas superiores

### FAMILIA

Euphorbiaceae

### DESCRICIÓN

Planta erguida. Follas de bordo serrado que nunca se dispoñen formando rosetas, carácter que as diferencia doutras especies similares. As flores son hermafroditas con polinización por medio de insectos (entomofilia). A dispersión dos froitos realizaase por autocoria explosiva ao abrirse bruscamente as cápsulas.

### DEMOGRAFÍA

Moitas delas encóntranse nunha enorme regresión e algunas, como a de Lamas (A Coruña), están drasticamente reducidas.

### HÁBITAT

Vive fundamentalmente en matogueiras hidrófilas da *Genisto berbereideae-Ericetum tetracilis* (uceiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, segundo a Directiva 92/43/CEE).

### DISTRIBUCIÓN

Localizada nunha pequena área do NO galego.

### ESTADO DE CONSERVACIÓN

A transformación das matogueiras encharcadas en cultivos de especies forestais de crecemento rápido e pradarías para o gando, así como a urbanización dos seus hábitats constitúen unha forte ameaza para esta especie.

### CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

En *perigo de extinción*.